

161

# A NOSA TERRA

Idearium da «Irmandade da Fala» en Galicia  
e nas suas colonias

ANO MCMXXII



## Decálogo do Nacionalismo Galego

- |   |  |
|---|--|
| I<br>Autonomía de Galicia.  | VI<br>Sustantividade do dereito fo-<br>ral galego.                             |
| II<br>Autonomía municipal.  | VII<br>A terra para os que a traba-<br>llen, e libre de gravames.              |
| III<br>Co-oficialidade dos idiomas<br>galego e castelan.  | VIII<br>Repoboación forestal forzosa.  |
| IV<br>Igualdade de dereitos civís e<br>políticos para a muller e para o<br>home.                                      | IX<br>Entrega á propiedade parti-<br>cular das terras incultas do Es-<br>tado. |
| V<br>Representación proporcional<br>e non elixibilidade dos que non<br>rindan función útil para a colec-<br>tividade. | X<br>Libre cambio.   |

PRECIOS DE SUSCRICION: Na Cruña, mes, 40 ctmos.; Fora, trimestre, 1'50 pe-  
setas. América, trimestre, 2 ptas.; Coste d'un número, 15 ctmos—Pagos adiantados

Redacción e Administración: Praza María Pita, 17. baixos, A CRUÑA

# Ford

## EL AUTOMÓVIL UNIVERSAL


### Prezos actualmente en vigor

				PESETAS
VOITURETTE	para 2 pasaxeiros, aberto, con arranque.			5.470
VOITURETTE	» 2	»	» sin »	5.100
DOBLE FAETON	» 5	»	» con »	5.725
DOBLE FAETON	» 5	»	» sin »	5.350
SEDAN	» 5	»	(coche pecho con arranque)	9.080

Chassis

común

Ptas. 4.080



Chassis

camión

Ptas. 5.065

Estos prezos enténdense bordo Cadiz con dereitos de Aduanas pagados

Camiós e coches de todos os sistemas, sempre en existencia para entrega inmediata na Cruña

**LUIS GRANADOS**  
AXENTE

Oficina, Exposición, Garaxe e Salón de venda de pezas de recambio e toda crás de accesorios para automóbiles

Payo Gómez, 5 A Cruña Teresa Herrera, 6

DIRECCION TELEGRÁFICA: LUGRAFORD

# A NOSA TERRA

BOLETÍN QUINCENAL  
ANO VI — NÚMERO 161 — 15 ABRIL 1922

## Reflexión



Alguns homes, son como os cans fóra a alma

### AOS NÓSOS LECTORES

## Traballos do malogrado loitador Luís Porteiro

Unha nova moi interesante temos hoxe que comunicar aos nosos lectores. Luís Porteiro, aquel maravilloso talento, cheo de desacougos creadores, que nos poucos anos de vida pública (podemos dicir que tres anos somentes, dende o ano quince hasta o dazaoito, en que morreu) fixo vibrar o espírito de toda a mocidade galega ao conxuro da súa verba quente de idealidade e de cultura, que nos mitís, na prensa, na cátedra, nas súas contínuas propagandas deixaba sempre semente nova da fé nacionalista, aquel home que soupo concentrar en sí todas as esperanzas de quen o escoitara ou lera algunha vez, porque ademais de home de ciencia e de home de acción, era un gran corazón xeneroso que sabía poñer en todos os seus actos un arume de cordial e irresistible apatía; aquel gran nacionalista que foi sin disputa o cerebro mais poderoso e creador da Galicia actual, cuxa figura irase engrandecendo a medida que pase o tempo, fixo unha gran labor intelectual que ficou desconocida para casi todos, porque casi

nada se ten publicado dos seus discursos e das súas conferencias. Da súa obra non quedaron mais que apuntes, notas illadas, algúns escritos sin rematar; moitas d'esas notas foron recollidas por algúns dos seus amigos que as ordenaron e poideron en parte reconstruír a súa labor.

O froito d'esa ordenación son algunhas conferencias, algúns traballos e anacos de discursos e de artigos, todo orixinal e todo inédito, que nos outros imos començar a publicar neste boletín, pensando que este é o millor homenaxe que podemos rendir ao mestre tan querido, e que ao mesmo tempo realizamos unha gran obra patriótica, facendo que o noso Porteiro poida seguir propagando e creando conciencia despois de morto. Os nosos lectores saberán agradecer nos o que eles poidan seren os primeiros en saborear os traballos inéditos de Porteiro, que xa é hoxe unha gloria de Galicia, e será sempre a primeira figura do nacionalismo galego.

Anúnciese vostede en

## A NOSA TERRA

## ¿Que é a Patria?

Apelemos á historia.

Para os gregos a patria era a cidade. Atenas, para os atenienses; Esparta, para os espartanos; para o tebano, Tebas, etc.; o cual non impedía, según vai dito, que todos extremasen o seu valor e chegasen ao cume do heroísmo e da gloria na defensa recíproca das cidades, cando estaba en perigo a independencia na Nación.

Esa patria tiña símbolos. En Atenas había un altar chamado, con sinificativo nome, «Fogar Común do Pobo», ante o cual iban todol-os anos os *efebos* a prestar xuramento de defender a patria. A relixión consagraba o patriotismo.

Para os atenienses, pois, había dous fogares: un privado ou familiar, e outro común ou público, de onde resulta que si a cidade era para eles a patria, ésta debía considerarse como unha prolongación da familia e do fogar.

Os romanos, como os gregos, limitaban tamén o significado da voz patria. Tamén reducían-a aos límites da cidade. Para eles a patria era Roma. Só alterában-se cando o enemigo chamaba ás súas portas.

Alí, o mesmo que en Atenas, a relixión consagraba o patriotismo. Si en Atenas o fogar simbolizaba a patria, si había un fogar particular e un fogar común, en Roma simbolizaban-a os *penates* — de *penu*, interior, íntimo,—e había-os do fogar e da cidade, públicos e particulares. Os *penates* eran os deuses tutelares da patria e a súa personificación. E así, *defender os penates*, valía tanto como decir defender a cidade, defender a patria.

Cando Escipión chamou ingrata á súa patria, refírese exclusivamente a Roma; porque si ben abandonou esta cidade non saliu de Italia, sinón que se retirou a Literno, na Campania, onde morreu e tivo a súa campa. Limitaba pois a patria este grande home nos muros da cidade que era o seu berce.

Ovidio, o cantor das profundas tristuras, si ben no seu desterro lembrábase de Roma, cantaba con especialidade as dozuras do país natal — que estaba nos Abruzos — según aqueles versos:

*Nescio qua natale solum dulcedine cunctos  
Ducit, et inmemorem non sinit esse sui*

«Non sei canta dozura, que irresistible encanto ten para o home o *chao natal*, que o aprisoa e impide que poida esquecer-o.»

Resulta do dito que tanto en Grecia como en Roma a patria representou decote un *particularismo* dentro da raza e da Nación; e resulta, tamén, que a familia e o fogar teñen sido, en todol-os tempos, orixe e cimento firmísimo d'esa entidade amorosa que a relixión ampara, a poesía canta, e o heroísmo defende.

\* \* \*

Si dos antecedentes históricos pasa-se ao estudo da palabra e busca-se a súa sinificación e etimoloxía, encóntrase expresado o mesmo particularismo, pois na súa sinificación xenuína e propia non aparece nunca a idea de humanidade raza, Estado ou Nación.

De orixe latino a palabra *Patria*, deriva directamente de *pater*, pai; que á vez ten principio no sanscrito *pitra*, *pitri*, de *pá*, manter; en relación co *papus*, o pai que man-

tén ao seu fillo, e con *patis*, mestre, esposo. De xeito que, a xuzgar pol-a etimoloxía, debe ser a patria algo que xenera, sostén, mantén, ensina e ama.

Patria, según Roque Barcia, «é en rigor un adxetivo, na terminación femenina, que leva sub-entendido o sustantivo *Terra*.»

No «Diccionario Universal» de Pierre Larouse, tamén está definida a patria, na primeira acepción, que ten de entenderse que é a xenuína e propia, do seguinte xeito: *le pays du père ou le pays père*, de *pater*, *père*: «O país, ou o *pais-pai*, de *pater*, pai.

Moulau dí que Plutarco, que «entendía que debía decirse *matria* mellor que patria, xa que debemos mais beneficios ás nosas nais que aos nosos pais»; e por esa consideración, sin dúbida, os cretenses chamaban *matria* á patria. De aquí tamén que moitas veces falando d'ela, sobre todo na ausencia, que é cando se lle quere mais, se diga: *a nai patria*.

O certo é que a palabra *matria*, sinón tan varonil e enérxica, revela mais tenrura e simboliza mellor a idea amorosa que queremos representar coa voz patria: porque lembra á nai que nos levou no seu seo, que nos manteu co seu sangue, que nos agarimou no seu colo, que guiou os nosos primeiros pasos, que templou e modelou a nosa alma cos agarimos do seu amor, que nos abeçoou coas súas olladas e alentou-nos con bicos nos nosos esmorecimentos...; e algo como eso, mistura de ceo e terra, de material e inmaterial, de ensonos e realidades, algo como eso é a entidade docísima, centro e raíz de todol-os afectos que garda o corazón humán.

O nacemento por si só nin a habitación d'un lugar ou país, non constitue a patria, aínda que esto último, na maior parte dos casos, determine a cidadanía.

No evanxelio de San Lucas (cap. 13, vers. LIV), atópase perfectamente indicado o senso que ten de darse a esa palabra. Refirindo dito evanxelista a visita de Jesús a Nazareth, dí: *et veniens in patriam suam*; e o Redentor do mundo nacera en Belem e habitaba acotío en Capharnaum; mais criouse e educouse en Nazareth e por eso chamábase-lle a súa patria.

Alfonso O *Sabio* dá-nos tamén unha idea aproximada de como debe entenderse esta cuestión.

Di o egraxio lexislador, na 2.<sup>a</sup>, tit. I, part. 1.<sup>a</sup>: «—*E otrosí son tenudos los omes de loar a Deus, e obedescer a seus padres, e a suas madres, á súa TERRA QUE DICEN EN LATIN PATRIA*.» Pero cal é A TERRA dos homes?

No epígrafe e introdución á lei 1.<sup>a</sup> do tit. 2.<sup>o</sup> da 2.<sup>a</sup> partida, dí tamén o mesmo lexislador: «Cual debe ser o pobo á TERRA ONDE SON NATURALES.» O que Gregorio López traduce na súa glosa «Qualis debeat esse populus patriae.»

E mais abaixo continúa o Rei Sabio: «*Otrosí es tenudo el pobo a semejante desto, de obrar por amor, en la tierra ONDE SON NATURALES ennobresciéndola, e acrescentándola, e facendo en ella linaje que la pueble. E en cada una destas, deben obrar, segund que conviene, e de otra guisa, non podrían mostrar amor verdadero, a la TIERRA DO MORAN.*»

Mais adiante, na lei 1.<sup>a</sup> do mesmo título e partida, despois de falar o lexislador da PRIMEIRA NATUREZA DOS HOMES pol-o feito de ter nascido na terra, sigue: «*Ca magüer es mui grande la otra, que ganan POR CRIAN-*

"ZA, que les es assí como ama que los gobierna. E otrosí "la que toman MORANDO EN LA TIERRA, aprendiendo "e usando en ella, las cosas que han de facer, e se les "face assí como ayo, o maestro que les enseña lo que han "de aprender: con todo eso por mayor tuvieron los sabios "antiguos que hablaron en todas las cosas muy con razón, "que de suso dijimos, que los omes han con la tierra, POR "NASCER EN ELLA. Ca esta es assí como madre, de que "salen al mundo, e vienen a ser Omes. E por ende el "pueblo debe aber todas estas naturalezas en la tierra "onde han sabor de beber. E mayormente que el linaje "que dellos viniere que nazca en ella. Ca esto les fará que "la amen e hayan sabor de haber en ella las naturalezas, "que de suso dijimos."

Dedúcese de ahí que para o sabio lexislador é tamén a patria un particularismo, o cal tén o seu centro, raiz, e SABOR DE VIVIR para o home, na terra propia e na familia, a cuia terra impónlle a natureza o deber de amal-a, ENNOBRESERLA e ACRESCENTAL-A.

E ese particularismo, terra propia ou patria, non só determina-se pol-o nacemento, siquera considérese o principal orixe, sinon tamén pol-a crianza, ou educación na terra, e por morar n-ela constantemente.

A patria, pois, non é só o sitio onde se nasce, según di a Academia da Lingua castellana: non é sômente onde por primeira vez ábrense os ollos á luz da vida.

Pode terse nado por accidente n-un país calquera da terra e emporiso non noscél-a nin amal-a, e noscer e amar, en troco, hasta o sacrificio outro distinto lugar.

Tampouco a patria é decote a TERRA DO PAI, ou dos páis, sinón mais ben a TERRA PAI. Véxa-se este exemplo: Un neno, fillo de extranxeiros, ten a disgracia de perder a seus páis, e recollido pol-a caridade, é criado e educado dende os seus primeiros anos n-unha terra distinta á d'aqueles.

¿Cal será n-este caso a terra do seu amor? ¿Cal será a patria que nos grandes conflictos sociás invocará e defenderá como sua? ¡Ah! a que defenderá e invocará será a patria da alma, sua segunda nai, a que conservou, nutriu e educou a sua vida! Por algo os cretenses chaman á patria, *matría*. E que non sería ese amor, si o da nai natural tivese ensinado a ese neno a amar esa mesma terra?

Rematando: para que en tod'a sua intesidade se desperte no corazón do home o verdadeiro amor á patria, é preciso que se abran á luz de todol-os amores os mesmos ollos da sua alma; que broten ao seu arredor, na niñez, as frores dos afectos íntimos e puros; que coas raíces d'ese eses afectos penetre sua alma na terra; que co pólen místico d'esas frores e os seus suavísimos arrecendos, báñese no ar da liberdade, e escoite o concerto de inefables armonías, e reciba o fresco e consolador rocío de total-as tenruras, e fluctúe na noite das profundas sombras e tristuras, e se alumée coa luz radiante das ánsias cumpridas, e matice-se a sua fantasía coas belisimas côres de total-as alboradas, e quente-se e vivifique coa calor que vivifica e enxendra os sentimentos xenerosos e abnegados.

Para que o amor á patria sexa verdadeiro, inalterable e fecundo, é preciso, ademais de todo eso, que brote e alimente, na sua xeneración e medramento maravillosos, á calor d'un fogar onde arda perenne o lume das virtudes... e desperte-se ao choque dos bicos d'unha nai, e em-

pape no fluido amoroso que sae dos seus ollos cheos de abenzoamentos...!

O home que así nasza e así se eduque non será planta exótica e errante, estéril e infecunda, movediza a impulsos do egoísmo, sinon árbore corpulento e froitificador de agarimosa sombra que resistirá as tempestades e sômente abaterá a morte.

De todo o exposto deduzo a segdinte definición:

**Patria é o chao, cuio centro e raiz é o fogar e a familia, ao cal están consubstancialmente unidos os homes pol-os vínculos de todol-os afectos.**

Ou de outra maneira:

**Patria é a terra onde, aprisioado pol-as misteriosas raíces dos afectos, enraiza no corazón, e frorece e froita á calor fecunda do fogar.**

S. G.

## LETRAS IRMÁNS

### Teixeira de Pascoaes

O primeiro vagido e o último suspiro são os dois crepúsculos da Palavra que se funden como dois metaes, e ei-os o bronze eterno do silencio. O Silencio e a Sombra, duas Persoas divinas. É preciso temê-las e adorá-las, de joelhos, sobre a terra, na solidão infinita da noite. Toda a miña vida rezei a Sombra e o Silencio. Ó sombra, ó Virgen Mãe caída aos pés da Cruz—a terrível estatua negra do Silencio.

\* \* \*

A luz entrega o mundo; a sombra é a pintura da fame. A sombra é intimidade, Abismo, coração. A luz é toda carne e superfície. Ame a luz quem a puder amar, como dizia Camilo, esse esqueleto d'un Anjo, chamuscado e denegrado.

\* \* \*

Vesti-me de sombra e sentí o silencio pousar-me sobre o coração; pousou n'uma lápide marmórea e cantou na noite solitaria. E os mortos ouviran aquele canto. O silencio é a voz dos mortos e a sombra a sua luz. E eu não son mais do que un MORTO condenado a viver, ou melhor, condenado a nascer e a morrer a cada instantel. Leitor, são os meus peccados que me pesam!

A tua virtude ignora o castigo e ama a luz porque ela é de oiro... un oiro de que tu fazes moeda falsa. Es un home feliz.

Mas nós, os mortos, não te pudemos comprender. Nem tu me comprendes, e é por isso, que vaes folheando este volume.

\* \* \*

O incompreensível, eis ahí a tentação dos brutos. O velho padre Romariz, alumiado por estas vinte leguas em redor, pregando, não falava; gesticulava no alto púlpito, gemia, zumia e roncava de tal arte, que todas as mulheres se dissolviam em lágrimas. E assim os filósofos governam este mundo.

\* \* \*

Vesti-me de sombra e sentí o silencio pousar-me no coração. Por isso, no mais profundo e nocturno do meu sêr, brilha um sorriso astral, fiosinho de luz que ainda me

prende à Fonte originaria. E sei que ele se introduz em común con Portugal—constituen o único fondo autónomo da sociedade galega. Os labregos eiqú son todo, non sómentes por compoñer a inmensa maior parte da poboación, senon por seren os que nos manteñen a todos.

Este misterioso sorriso é a propia esencia da Dôr, o seu núcleo lapidado, refulgindo a alegría de Deus...

\*\*\*

Cada vez confundo mais os homes com as cousas. Eles vão-se apagando na indecisión brumosa da paisagem, conforme o noso olhar se alonga atravez do seu espaço interior... Ha un ponto central em que um home ja se não distingue d'uma pedra... ou d'uma nuvem.

Un sentimento, o da beleza, por exemplo, observae-lhe apenas a superficie. Não exploreis o resto que é aridez, secura, poeira... e uma pepaga de camêlho...

Mas para lá de todos os sentimentos, o homem é o día e a noite: uma tragedia con dois personagens e un só espectador;—uma tragedia n'um escenario imenso. Não é ele uma alma? espelho e figura ao mesmo tempo? O home-calhou prolonga-se em homem-espectro, como um cêro montanhes em nevoeiro.

O homem é também um espectro, quer dizer, um ANIMAL QUE MORREU. Por isso, em nós, se revelou a luz da alma que tem qualquer cousa de larva sepulcral.

A alma não existe nos seres vivos. Veja-se a ovelha, o jumento, a arvore e o meu visinho a batêr sola.

A alma detesta a vida; apareceu no home, porque ele é o cadáver d'um macaco,—um espectro.

Assim o devemos considerar e observar, leitor amigo. Pense no caso e não se ria!

\*\*\*

Desejaes conhecer a alma? Não a procureis na terra, à luz do sol. Procurae-a entre os sepulcros, ao luar... Procurae-a nos livros e nos Muzeus.

O LOUVRE é um cemiterio prodigioso, uma cidade de almas, como a Biblia! O resto de París é vida—o BOIS.. O LOUVRE vale mais do que París. O VATICANO sería mais belo do que Roma se não fossem os clássicos espectros da VIA APÍA. Roma é o maior cemiterio do mundo!

Oh, quem o pudera contemplar no día da resurreição, Miguel Angelo!

## NACIONALISMO GALEGO

### A sociedade galega

Pol-a maneira de ser o noso chao, e pol-as cousas ás que a nosa raza ten inclinación, o pobo é un pobo de labradores e mais de marifeiros. Galicia vive dos froitos do chao, do gando e da pesca, e dificilmente podería vivir de outra cousa.

A sociedade galega presenta un exemplo escrito de SEDENTARIZACIÓN RURAL.

Por lei que lle temos à terra, en troques de xuntarnos en grandes centros de poboación, como fan outros pobos, cecais por se arredar da campia, nós espallámo-nos por ela adiante en aldeas pequenas.

A nosa colectividade natural é a parroquia, núcleo pequeno, sempre de menos de 800 veciños. A Eirexa en Galicia non creou a parroquia, non fixo senon darlle nome: eran os pequenos CLANS dos nosos abós.

O Estado hespañol, en troques, descoñeceuna e creou o municipio, trasplante do réxime das vilas que se non acomoda de ningún xeito à nosa vida rural. Por eso a administración municipal é tan ruin.

As parroquias, comunidades de carácter esencialmente rural e agrario—e esta é outra das cousas que temos de

A extrema división da propiedade é un subfenómeno da sedentarización, do máximo afinamento na terra à que a nosa raza tende a se xunguir mais e mais pol-a sua vontade conxénita. Con un sinxelo instinto democrático, o galego tende a facelo todo en pequeno: cuidando do gando, industrias caseiras e rurás, etc.

A sociedade galega é esencialmente democrática. De organización feudal que sería na Edad Media, leva camiño de se converter en democracia agraria. As diferencias de fortuna, entre nós nunca puideron ser tan grandes como en outras terras; eiqú, ao que ten 30.000 pesos xa lle chaman rico. Ademais, si houbo e hai ainda separación de crases, nunca houbo eiqú entre elas a distancia que había e hai en outros países.

Hoxe, na aldea, a nivelación económica vaise facendo depressa. Nas vilas, os capitales que se fan co comercio, ou son de cataláns ou de casteláns que viñeron a se estabrecer eiqú, ou de galegos que os fixeron na América.

En Galicia, o capitalismo e mais o comercio son importados, non autóctonos.

É o noso tamén un pobo de colonizadores. Os galegos teñen man, non sómentes para facer cartos, senon para crear organizacións fora de Galicia. E eo seu diñeiro tende a voltar à terra, a SE SEDENTARIZAR no chao da patria galega. Poucos son os galegos que se sonforman con non volver. Lonxe da terra, siguen xunguidos a ela; é como si foran sómentes nómadas de corpo.

Esa é a nosa característica, esa é a nosa forza.

Vicente Risco.



## CASTELAO

Fai algunhas datas, foi inaugurada no Ferrol a exposición de dibuxos e caricaturas do noso irmán Castelao.

No salón de festas do "Círculo de Artesanos" cedido para tal obxecto, están expostas ao público as maxistrás cartolinas que de maneira grande foron gabadas nas principais cidades de Galicia, e que poñen ao descuberto as ansias, mágoas e inxusticias que sofre a nosa Terra. Unha numerosa concurrencia que enche acólio o salón, comenta con amore a mala grande manifestación de arte que se ten dado no Ferrol.

O domingo 9 dou unha conferencia no salón do "Círculo de Artesanos" o irmán Castelao. Distinguida e numerosa concurrencia asistiu a este grande acto.

Ao entrar no salón de festas o grande artista, foi recibido con prolongadas salvas de aplausos. O tema desenrolábase

por Castelao foi: "Meu humorismo e o meu lirismo" gustando d'unha maneira extraordinaria.

Antes e despois da conferencia a rondalla "Airiños da miña Terra" executou lindas obras galegas, rematando co "Himno galego" que o público escoitou posto en pé dando vivas a Galicia.

Despois a Xunta de "Airiños" obsequiou ao noso Castelao con un espléndido banquete no "Casino de Artesanos."

Os irmáns da fala na Cruña enviáronlle un telegrama de saúdo e agarimo.

## A Irmandade da Cruña

O domingo 2 do corrente celebrou xunta xeneral ordinaria esta Irmandade elixindo novo consello directivo que forman os irmáns seguintes:

Conselleiro 1.º,	Xoán V. Viqueirá.
Conselleiro 2.º,	Bernardino Varela.
Segretario,	Carlos Monasterio.
Vice,	Luis Somoza.
Contador,	Benito Ferreiro.
Tesoureiro,	Ramón Moscoso.
Bibliotecario,	Leandro Carré Alvarelos.
Vocás, 1.º,	Luis Peña Novo.
2.º,	Gumersindo Pereira.
3.º,	Xoán Estrada.
4.º,	Xulio Farña.
5.º,	Manoel Lemus.

Administrador de A NOSA TERRA, Victor Casas.

### TEATRO GALEGO

Na Irmandade da Fala na Cruña e na data 2 do que corre, foi representado o drama en tres actos do noso querido irmán Manoel Lugriñ Freire, que leva por nome "Mareiras". O cadro de declamación que dirixe o distinguido afeccionado e xa consagrado artista Rodrigo García, que dende fai tempo ven facendo teatro galego por moitas vilas e cidades de Galicia, encargouse de representar no teatro da Irmandade, a xa conocida obra.

"Mareiras", que facía moitos anos que non se representaba na Cruña, gustou moitísimo, sabendo a cousa nova, aos irmáns que encheron o amplo local da Irmandade.

Os rapaces encargados de representar as dificultosas figuras da farsada dramática, estiveron á altura de verdadeiros mestres da difícil arte.

Felicítamos de corazón aos fieles intérpretes e agardamos con acoiguen na súa patriótica labor.

Tamén o cadro de declamación da Irmandade, "repriseu" o día 9 a comedia do mesmo autor nomeada "Estadeña", tendo un novo éxito na súa representación.

Con este motivo recolleron moitas gabanzas os actores e aulor.

A nosa embora a todos.

## Cántigas da Terra

Temos que rexistrar unha nota simpática do coro «Cántigas da Terra.» Con motivo da visita ao cemiterio da Cruña na data do homenaxe en honor de Pondal, Curros e Chané, a citada colectividade depositou unhos ramos de froes na sepultura do noso inesquecible irmán Francisco Tettamancy e Gastón.

Moito agradecemos ao coro "Cántigas da Terra" o homenaxe rendido ao noso querido irmán, e rexistramos tan simpático feito que honora grandemente á citada agrupación.

## UN SAUDO

Temos recibido do noso querido irmán José Rodríguez de Vicente, unha cartolina postal na que di:

*"Irmandade da Fala" na Cruña. En visporas de saír para Bos-Aires por unha corta tempada, saúda agarimosamente aos irmáns da Cruña voso irmán e compañeiro,*

**José Rodríguez de Vicente.**

Bayona, 3o Marzo, 1922.—¡TERRA A NOSA!"

Moito agradecemos o agarimoso saúdo do noso querido e culto irmán, ao que de corazón correspondemos. Agardamos con ansia a volta de Rodríguez de Vicente á Patria para encher o oco que de momento deixa nas filas dos bós e xenerosos.

## Sobriños de José Pastor BANQUEIROS

Casa fundada en 1776

A Cruña e Vigo

**BOLSA do TRABALLO INTERNACIONAL**  
FEDERACION dos EMIGRANTES HESPAÑOLES  
ASOCIACION de BENEFICENCIA

**Enrique Iglesias Corral Barrio**

SUBDELEGADO GENERAL NA REGIÓN NOROESTE DE HESPAÑA

A Cruña, León, Ourense, Oviedo e Pontevedra  
A CRUÑA

## Hotel "LA VICTORIA"

Propietario: Manuel Fernández Vázquez

Rua de San Andrés, 154-A CRUÑA

Dirección telegráfica e telefónica VICTOFER

Teléfono número 459

Os viños do Ribeiro

## ARNOYA FINO

Siñifican o máximu d-a "delicadeza"

Bodegas da Viuda e Fillos de Xoán Fuentes—Ourense

Representante na Cruña: D. R. G. Alegre

Juana de Vega, 35

## LA SALUD

CASA DE BAÑOS

A MELLOR DA CRUÑA

Avenida de Rubine, 22 (Riazor)

## Xosé Patiño

Bordados Artísticos  
Xogos de cama Confeccións  
Equipos para noivas

San Felio, 20-Apartado, 37

Palma de Mallorca

## Paulino Freire

**BOUZAS - VIGO**

Sucursaes: en Cruña - Ferrol

Redes d'algodón para tarrafa  
Aparellos, armados e en panos, para  
barcos pesqueiros

Malletas de abacá e cáñamo alquitra-  
nado—Cables de aceiro, ingleses  
Aceites minerás e vexetaes, e surtido  
compreto para maquinaria e pesca

— Santa Lucía, 26 e 28 - A CRUÑA —

## “Patente-Salvavidas”

O mellor para pintar os fon-  
dos dos barcos. Ganou Di-  
proma de Honor, Gran pre-  
mio e medalla de ouro nas  
Exposicións de París-Londres.

REPRESENTANTE

F. Bertran e Mriambell  
VIGO-CRUÑA

## ZINCKE HERMANOS

LIBRERÍA — PAPERERÍA  
IMPRESA

Cantón Grande, 21—Estrella, 37

— A CRUNA —

Fábrica de Xergóns  
e catres metálicos

ORZAN, 70

(Frente do Pórtico de San Andrés)

## EFFECTOS NAVALES

— DE —

Ferrer e Compañía-Sucesores

**F. BERTRAN E MIRAMBELL**

Vigo e a Cruña

Casa fundada en 1868

Artigos xeneras para equipo da Mariña Mili-  
tar, vapores, barcos de vela e pescadores.

## FARMACIA EUROPEA

— DE —

Lopez Abente

— REAL, 55 —

A mellor surtida da Cruña e un dos estabre-  
camentos da súa cras que máis honran a Gali-  
cia. Montada con arreglo aos derradeiros adian-  
tos.

Alfredo Lastres Canosa

“La Encajera Española”

Fábrica de encaixes de fio  
Tecidos a man. Especialidade en  
aplicacións

Exportación Ibero-Americana

Almagro (Ciudad Real)

Grandes Almacés de Tecidos

**NUEVO MUNDO**

SECCIÓN DE SASTRERÍA E CONFECCIÓN

Imenso surtido en Panos da Rexion  
e Estranxeiro. Confecciónanse toda crás  
prendas para mulleres, homes e nenos

SAN ANDRÉS, 41 e 43 Teléfono 256

A CRUÑA

## Novos Almacenes Coruñeses

Tecidos nacionás e estranxei-  
ros Vendas por maior e menor

Fonte de San Andrés, 18, 20 e 22

A Cruña

Viuda de H. Hervada

Casa fundada en 1865

A CRUÑA

FERRETERÍA, QUINCALLA, MUEBLES,  
MAQUINARIA AGRÍCOLA, PEDRAS  
FRANCESAS PRA MUIÑOS, ETC., ETC.

Lino Pérez Mariñas

Representante e Comisionista

Rua Real, 43

A CRUÑA

Os millores viños de Xerez

son os de

Marín e Cintado

dirixirse ao representante para Galicia:  
Lino Pérez Mariñas - Real, 43 - A Cruña

## CERVANTES

Librería, Papelería e Imprenta

TELEFONO, 456

Rua Real, 49

A CRUÑA

## “LA SANTIAGUESA”

Gran Hospedaxe de GUZMAN

Orzán, 70 - Teléfono, 290 - A CRUÑA

Casa situada no mais céntrico da poboación  
con habitacións independentes. Preto das ad-  
ministracións dos coches ao ferrocarril  
e a Santiago

PRECIOS ECONÓMICOS